



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal


## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/07/2020 9:09:22

SAIDA

8369/20



Reclamante:



Expediente. Nº RSCTG 42/2020

**ASUNTO:** Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 24 de Marzo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 24 de Marzo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 28 de febreiro de 2020 do Colexio de Aparelladores de Vigo pola que se desestima a súa solicitude de acceso ao expediente tramitado como consecuencia dunha queixa presentada pola mala actuación dun colexiado e o acceso ao extracto da acta do colexio onde se reflictan as decisións acordadas en Xunta Colexial contra este colexiado

O reclamante indicaba que en marzo de 2019 a súa representada presentou unha queixa ante o Colexio de apareladores de Vigo pola mala actuación dun colexiado, aportando datos, documentación, probas ó respecto. O Colexio lle remitiu escrito no que lle comunica que se instruíu expediente deontolóxico ao referido colexiado, que finalizou. Con data do 8 de agosto do 2019, en conversa telefónica, se lle comunica que se poñerían en contacto co interesado para darlle acceso ao expediente sen que ese contacto se producira, nin por tanto o acceso.

Con data do 5 de novembro do mesmo ano, presentou ante o Colexio un escrito no que solicita novamente acceso ao expediente e un extracto da acta do colexio onde se reflicta as decisións acordadas en Xunta Colexial contra este colexiado, ao que se lle respondeu con data do 25 de novembro, denegando o acceso por tratarse de documentos internos do Colexio.

Con data do 15 de xaneiro do 2020 presenta novo escrito alegando os dereitos da súa representada como interesada, á que se lle comunicou mediante escrito do 28 de febreiro de 2020, que non podía ser atendida, por canto a súa representada non podía ser considerada interesada.

A súa pretensión é a obtención de copia dos documentos e/ou resolucións que integran o citado expediente administrativo a lo menos aqueles que puideran afectar os dereitos e intereses lexítimos da interesada (alegacións do Colexiado por escrito, extracto da acta de acordo da Xunta Colexial, resolución motivada por escrito, saber as accións ou non que emprenderon contra o colexiado no exercicio da potestade disciplinaria que ten o Colexio e acceso ó expediente, identificación das persoas baixo cuxa responsabilidade se tramitou o procedemento).

Dado que o [REDACTED] presentou a reclamación en nome e representación de [REDACTED] solicitouse que no prazo de dez días acreditase a dita representación, acreditación que presentou ante a Comisión con data do 6 de abril de 2020.

**Segundo.** Con data do 26 de marzo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Colexio Oficial de Aparelladores de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude polo Colexio foi o 27 de maio de 2020

**Terceiro.** Con data do 19 de xuño de 2020 Colexio de Aparelladores de Vigo contesta a petición remitindo informe, sen remitir copia do expediente solicitado.

Neste informe, en resumo o Colexio indica que a reclamante presentou un escrito de queixa contra un colexiado porque supostamente incumpriu un encargo profesional.

O Colexio abriu un expediente de *información reservada* co fin de analizar a queixa e practicar algunha dilixencia de proba. A proba consistiu nunha entrevista persoal coa reclamante e unha entrevista telefónica co colexiado, ante a imposibilidade de realizala persoalmente.

Tratáronse de dilixencias de proba persoais e non documentais, e a raíz da denuncia, o Colexio considero que debía abrir outro expediente de oficio por unha cuestión puramente colexial que non afecta á reclamante e que se realizou nunha reunión de Xunta de Goberno, sendo un debate oral e non unha comunicación de escritos entre os membros de dicha Xunta, e por tanto, considera que se trata dun feito totalmente alleo á queixa da reclamante, aberto polo Colexio de oficio e no que non se lle pode considerar interesada no mesmo.

O fillo da reclamante dirixiuse ao Colexio solicitando unha explicación ao acordo remitido, polo que de maneira telefónica chamóuselle e aclaráronselle todos os conceptos correspondentes ao acordo e o expediente. Por esa razón non entende esta nova queixa xa que a reclamante recibiu toda a información solicitada, sen facilitarlle ningún dato privado ou persoal. Posteriormente, a reclamante continuou presentando escritos nos que solicitaba documentación interna do Colexio, de carácter de confidencial e que afecta a honorabilidade de terceiras persoas, que non poden saír dos arquivos colexiais. A reclamante parece pedir "notas" tomadas á hora de falar con ambas as partes ou que se documente o debate da Xunta de Goberno do Colexio, o que non tivo lugar.

Envióuselle o acordo adoptado, sen ningún tipo de límite ou modificación e nese acordo inclúese a apertura doutro expediente de oficio por outro obxecto, o que puido levar á reclamante á confusión de que este expediente se debía ao contido da súa denuncia. Debe subliñarse que se lle comunicaron integramente todas as resolucións que se adoptaron, cumprindo así escrupulosamente coas obrigacións deste Colexio. O que pretende a reclamante é que se lle dea copia do expediente aperturado de oficio do Colexio por un asunto de natureza puramente colexial e que non ten ningunha relación coa denuncia presentada por ela. O Colexio considera que non se lle pode dar información nin documentos a quen non é parte no devandito expediente colexial e nin sequera tivo participación na instrución do citado expediente. O feito de ser denunciante non converte a unha persoa en interesada, e moito menos cando isto pode provocar unha infracción da lexislación de protección de datos.

O Colexio manifesta a súa sorpresa por que a Comisión da Transparencia lle solicite a remisión do expediente tramitado para o seu estudo e considera que resulta contraria á normativa e xurisprudencia na materia, en concreto co límite da protección de datos en expedientes sancionadores. O colexiado afectado non consentiu a remisión de datos deste expediente polo que considera que nin a Comisión da Transparencia pode esixir ao Colexio que se trasgrede a Lei.

Non se pode esquecer que o que pretende a reclamante poden ser as "notas" internas que o instrutor do expediente puidese realizar nas entrevistas mantidas-se é que aínda as conserva-, o que tampouco permite a lei 19/2013. Neste caso non se contempla ningún "interese público" ou "interese privado" nun expediente aberto polo Colexio por unha cuestión interna allea a calquera outra persoa e que non foi denunciado por ninguén máis que o propio Colexio.

Considera, en base á doutrina e xurisprudencia que nun expediente disciplinario, toda a información afecta o segredo profesional do colexiado que en materia disciplinaria unicamente se podería proporcionar información estatística e que á reclamante se lle remitiu o contido da acta da Xunta de goberno que é o acordo adoptado que é o único que pode ter interese público xa que rexe o límite da protección de datos de carácter persoal.

Afirma que a solicitude recibida neste Colexio procedente da Comisión da Transparencia é nula de pleno dereito, nos termos expostos no artigo 47.1.a) e 47.2, así como o 48.1, da Lei 39/2015 e o cumprimento desta petición levaría a este Colexio a vulnerar o dereito constitucional á honra, á intimidade persoal, e a protección de datos persoais do colexiado e se solicita que por parte da Comisión da Transparencia de Galicia se inicie un expediente de revisión e declare a nulidade deste expediente.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### **Primeiro. Competencia e normativa**

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente existencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na reclamación presentada, a resolución do Colexio Oficial de Aparelladores de Vigo é do 28 de febreiro de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 24 de marzo de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

Procédese a continuación á análise das cuestións que se derivan da reclamación e do informe do Colexio.

##### **(1). Natureza xurídica dos colexios profesionais e obrigas en materia de Transparencia**

Os Colexios Profesionais, tal e como destacou o Tribunal Constitucional na súa sentenza 89/1989, do 11 de maio, reiterada en pronunciamentos posteriores, como a sentenza 3/2013, do 17 de xaneiro, teñen unha natureza mixta ou bifronte. Establece o tribunal que os colexios profesionais constitúen unha típica especie de corporación, recoñecida polo Estado, dirixida non só á consecución de fins estritamente privados, que podería conseguirse coa simple asociación, senón esencialmente a garantir que o exercicio da profesión, que constitúe un servizo á sociedade, se axuste ás normas ou regras que aseguren tanto a eficacia como a

eventual responsabilidade que do exercicio se poida derivar, exercicio que por outra banda, xa garantiu o Estado coa expedición do título habilitante para o desenvolvemento da profesión. exercicio da profesión.

De acordo co establecido no artigo 1 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, estes son corporacións de dereito público, amparadas pola Lei e recoñecidas polo Estado, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O Tribunal Constitucional na súas sentenzas 23/1984 e 123/1987, afirma a consideración dos colexios como corporacións sectoriais de base privada pola súa composición e organización que, con todo, realizan unha actividade en gran parte privada, aínda que teñan delegadas pola Lei funcións públicas, nas que a súa orixe, organización e funcións non dependen só da vontade dos asociados, senón tamén, e en primeiro termo, das determinacións obrigatorias do propio lexislador. O carácter complexo do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e a falla de uniformidade do sistema, implica necesariamente que debe adaptarse á natureza pública ou privada en función da actividade que desempeñe o Colexio en cada momento.

A configuración como Corporacións de Dereito Público de base privada que desenvolven funcións públicas, xustifícase polo cumprimento de diferentes intereses públicos, entre os que poden mencionarse e no que neste expediente nos interesa, a ordenación do exercicio profesional, o cumprimento das normas deontolóxicas, o exercicio da potestade sancionadora e a defensa dos dereitos e intereses de consumidores e usuarios.

No exercicio das referidas funcións públicas a actuación dos colexios está suxeita a Dereito Administrativo, sendo os actos ditados no cumprimento de tales funcións públicas que teñen atribuídas, susceptibles de recurso contencioso-administrativo, de acordo co disposto no artigo 2. c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sometida por tanto á normativa en materia de Transparencia, de acordo co disposto no artigo 3.1.c) da Lei 1/2016, e tendo por tanto a obriga de facilitar a información que sobre as súas funcións públicas lle solicite calquera cidadá, sen necesidade de acreditar un interese lexítimo, como xa se manifestou no fundamento terceiro.

## **(2). Competencias da Comisión da Transparencia e obriga de remitir o expediente solicitado**

Como se establece no fundamento de dereito primeiro desta resolución, esta Comisión como órgano colexiado de carácter independente en materia de Transparencia, é competente de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, para resolver as reclamacións contra resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información. Para a resolución das

reclamacións, é necesario que a Comisión poida analizar o expediente tramitado, tendo os suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei, neste caso o Colexio Profesional, a obriga de remitirlle de conformidade co artigo 35 da mesma Lei, a información que se lle solicite, obriga que neste caso incumpra o Colexio de Aparelladores de Vigo.

Non pode entenderse que a solicitude por parte de esta Comisión, de remisión da copia do expediente tramitado para resolver a reclamación sorprenda ao Colexio, nin pode admitirse que a mesma sexa nula de pleno dereito como se afirma, nin que con esa solicitude se este a pedir que o Colexio que incumpra a Lei. Para a adecuada resolución dun recurso, como é unha reclamación presentada contra unha resolución en materia de acceso á información, é necesario contar con toda a información que figure no expediente, sen que poida aceptarse como xustificación para non remitila, a mera alegación de que de a información ten carácter confidencial e poda afectar á honorabilidade de terceiras persoas, polo que a dita información non pode saír dos arquivos colexiais. Ante o temor manifestado polo Colexio, unha boa práctica houbera sido remitir a información, advertindo a parte da mesma que considera confidencial, para que a Comisión adoptase as medidas que considerase oportunas.

### **(3). Análise do fondo do asunto**

Entrando xa no fondo do asunto, e contando para a resolución unicamente co informe remitido polo Colexio, nel se afirma que ante o escrito de queixa presentado pola hoxe reclamante, abriuse un expediente de *información reservada* que *finalizou*, e a raíz de tal denuncia, o Colexio considerou que debía iniciar outro expediente de oficio por unha cuestión puramente colexial que non afecta nada á hoxe recorrente.

Se ben o informe remitido polo Colexio non é de todo claro, del pode deducirse que se abriu un expediente de información reservada e, por considerar que non existían motivos para a incoación dun expediente disciplinario, se concluíu sen mais trámite.

A información reservada, como establece o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid na súa Sentenza 471/2006, do 24 de maio, ten por finalidade evitar a incoación de expedientes disciplinarios polo simple rumor ou sospeita da comisión dun feito sancionable, podendo o órgano competente acordar a instrución dunha información reservada para obter a información suficiente para valorar a conveniencia ou non de incoar ou non o procedemento sancionador.

De acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016 e 13 da Lei 19/2013, non cabe dúbida de que a documentación que forma parte da información reservada, como fase previa á posible



incoación dun procedemento disciplinario, cumpre os requisitos para ser considerada información pública, por canto se trata de contidos elaborados por un suxeito incluído no ámbito de aplicación da Lei (artigo 3.1.c da Lei 1/2016 e 2.1.e da Lei 19/2013 ) no exercicio das súas funcións, neste caso da potestade disciplinaria que exercen sobre os seus colexiados, que é unha potestade suxeita a dereito administrativo. Do informe remitido polo Colexio, dedúcese que xa se tomou a decisión de archivar o procedemento, polo que os trámites están concluídos.

Como establece a sentenza citada, a información ten sentido que sexa reservada en canto se realiza para non prexudicar a investigación do posible expediente disciplinario, pero unha vez rematada, nada impide que nos termos establecidos na Lei, a hoxe reclamante poida ter acceso a ela, previa disociación dos datos de carácter persoal que nel poidan figurar, xa que nela non figuran datos referentes a comisión de infraccións administrativas (dado que parece que o expediente finalizou por non atopar indicios de infracción), e sen necesidade de ter que acreditar a reclamante, a súa condición de interesada no expediente.

A información reservada ou dilixencias informativas, como así establece a Sentenza do Tribunal Supremo do 5 de maio 1998, ten unha unidade formal, constituíndo no seu conxunto un procedemento accesorio, de carácter preliminar ou preparatorio respecto do procedemento disciplinario, cuxa finalidade é depurar de maneira previa, mediante as investigacións indispensables, se concorren indicios suficientes para a iniciación deste. Debe existir nestes expedientes, unha autoridade ou un órgano que ordena a apertura da información reservada, que nomea á persoa que instrúa esa información, e un conxunto de actuacións que finalicen nunha resolución ben de sobreseimento ou arquivo, ou de proposta de inicio de expediente disciplinario. Si se acorda o arquivo ou sobreseimento, como parece que sucedeu no presente caso, é porque se concluíu que non existen motivos para incoar expediente disciplinario, e debe existir un acto, neste caso colexial, de carácter administrativo e definitivo, e que é susceptible de ser recorrido en vía colexial e en vía contencioso-administrativa e que constitúe información pública.

De acordo co anterior, non se pode apreciar que no presente expediente concorra o límite da protección de datos establecido no artigo 15.1 da Lei 19/2013 referentes á comisión de infraccións administrativas, por canto da información reservada aberta pola queixa presentada pola recorrente, conclúese a improcedencia de apertura dun expediente disciplinario, non existindo por tanto información referente a infracción administrativa algunha.

Respecto dos límites de acceso á información alegados no informe do Colexio, en concreto o segredo profesional do artigo 14.1.j) e das causas de inadmisión, en concreto da referida a que parte da información pode ser información que auxiliar ou de apoio (causa de inadmisión do artigo 18.1.b) da Lei 19/2013), debe terse en conta que de acordo coa sentenza do Tribunal Supremo 1547/2017, entre outras, é necesario interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais no acceso á información polas causas previstas no artigo 14.1.e as causas de inadmisión establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013, debendo ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 da referida Lei cando dispón que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso, e por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional neste caso do Colexio.

A aplicación dos límites contemplados na normativa vixente en materia de transparencia debe ser acorde co Criterio Interpretativo CI/002/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no que se establece que os límites aos que se refire o artigo 14 da Lei, a diferenza dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non operan automaticamente nin a favor da denegación nin absolutamente en relación aos contidos. A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, polo que deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliable. Do mesmo xeito, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

Nesta materia, existen numerosos pronunciamentos respecto á aplicación dos límites, entre os que podemos destacar o de que no dereito á información soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. Na Sentenza do 7 de novembro de 2016, da Audiencia Nacional, e a 85/2016, do 14 de xuño de 2016, do Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº 5 de Madrid sinalan expresamente que si concorre algún dos límites do art. 14, deberá acreditarse suficientemente, xa que a Lei consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de

entregala, salvo que concorran causas xustificadas que limiten ou xustifiquen a inadmisión de tal dereito. Tales causas constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, esixíndose que se acredite que o acceso á información supoña un prexuízo que deba prevalecer sobre o dereito de acceso á información.

Os límites ao acceso en todo caso han de motivarse, interpretarse e aplicarse de modo razoado, restritivo e aquilatado a teor do prexuízo que o acceso a determinada información pode producir sobre o interese que se pretende salvagardar coa limitación.

No presente caso, a o Colexio de Aparelladores de Vigo límitase a invocar os límites e posibles causas de inadmisión, pero non xustifica nin minimamente o porqué da súa aplicación, polo que non pode admitirse a denegación da información solicitada.

No expediente de información reservada aberto e finalizado como consecuencia da queixa, debe existir unha orde de iniciación do mesmo, así como un nomeamento de instrutor por órgano ou autoridade competente do Colexio, un acto ou actos de instrución, unha proposta pola persoa nomeada para tal fin, e un acordo co que se finaliza o expediente de información reservada. Ao non formar parte do expediente información referente a infraccións administrativas (xa que parece que non se abriu expediente disciplinario como consecuencia da queixa), nin acreditarse ou xustificarse polo colexio a concorrencia de ningún dos límites previstos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, nin causa algunha de inadmisión do artigo 18, procede estimar a reclamación presentada.

Previamente á remisión da información debe darse audiencia ao colexiado afectado, para que poida realizar as alegacións que estime oportunas, e, de presentalas, efectuar a correspondente ponderación entre os dereitos en xogo, para determinar se debe prevalecer o interese público ou privado no acceso á información que se poida alegar e xustificar. En todo caso, debe remitirse a documentación á reclamante, dissociando, no caso de que proceda, os datos de carácter persoal que poidan figurar na mesma.

A reclamante deberá ser informado desta circunstancia, así como da suspensión do prazo para ditar resolución ata que se reciban as alegacións ou transcorra o prazo para a súa presentación. ,

Debe lembrarse ao Colexio de Aparelladores de Vigo a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016 .

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 24 de Marzo de 2020, contra a Resolución do 28 de febreiro de 2020 do Colexio de Aparelladores de Vigo pola que se desestima a súa solicitude de acceso ao expediente tramitado como consecuencia dunha queixa presentada pola mala actuación dun colexiado e o acceso ao extracto da acta do colexio onde se reflicta as decisións acordadas en Xunta Colexial contra este colexiado

**Segundo:** Instar ao Colexio de Aparelladores de Vigo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, tras a finalización do período de audiencia, responda á petición de información solicitada de acordo co fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Colexio de Aparelladores de Vigo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.07.23 17:35:00 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

**Presidenta da Comisión da Transparencia.**